

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de marzo de 2014, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia [09/PL-000016 (20028)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 20975, o escrito do G.P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia [09/PL-000016 (20028)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, na reunión do 18 de marzo de 2014, acorda:

1º. Ampliar o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia ata o día 28 de marzo de 2014, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Dar traslado deste acordo á Xunta de Portavoces para audiencia.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de marzo de 2014, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia [09/PPL-000016 (16735)]

Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de marzo de 2014, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia [09/PPL-000016 (16735)].

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 20940, o escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia [09/PPL-000016 (16735)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 18 de marzo de 2014, acorda:

1º. Ampliar o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia ata o día 20 de marzo de 2014, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de marzo de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 11 de marzo de 2014, polo que se aproba a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantirlles a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 11 de marzo de 2014, aprobou, por 64 votos a favor, ningún en con-

tra e ningunha abstención, a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantirlles a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira.

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a publicación do texto aprobado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Proposición de Lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantir a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira

Exposición de motivos

A consideración como recursos propios dos instrumentos híbridos de capital, xunto coa forte expansión crediticia levada a cabo polas entidades financeiras na pasada década, provocou importantes emisións deste tipo de instrumentos.

Neste contexto, viñéronse dando casos de mala praxe comercializadora, e foron colocados estes produtos a clientes sen a debida formación financeira ou que demandaban realmente outro tipo de produto. Estas eivas de comercialización foron recoñecidas polas propias entidades financeiras e mesmo pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, que está a investigar estes feitos, mantendo abertos varios expedientes para investigar este tipo de comercialización.

A posterior xeración de importantes perdas nalgunhas das entidades financeiras comercializadoras, xunto co proceso de recapitalización pública efectuado para a súa continuidade operativa coas novas exixencias de capital, levou con-

sigo a aplicación do principio do *burden sharing* ou compartición de cargas, mediante o cal os tedores de instrumentos híbridos deberían axudar subsidiariamente a compartir estas fortes perdas en función da natureza e características do activo financeiro adquirido.

Este principio de compartición de cargas presenta, non obstante, importantes problemas no caso de existir unha indebida comercialización destes produtos, por coexistiren como tedores destes activos pequenos aforradores sen formación nin coñecementos financeiros aos cales, no caso da aplicación directa desta asunción de perdas, se lles xerarían importantes e inxustos prexuízos.

No anterior contexto, en Galicia púxose en práctica un procedemento que, respectando a normativa vixente, permitiu que recuperasen os seus fondos aforradores vítimas de mala comercialización.

Coa experiencia e o coñecemento tanto da existencia en moitos casos de mala comercialización, como do inxusta que sería esta asunción de perdas por pequenos aforradores, modificase a Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, no senso de evitar que os aforradores que adquiriron estes produtos por causa dunha mala comercialización sufran perdas como consecuencia das accións de xestión de instrumentos híbridos.

Para o caso de tedores que xa acudiron ao cambio sopor-tando perdas, establécese a posibilidade de recuperación da totalidade da cantidade investida se efectivamente o procedemento establecido determina esa condición de aforrador. Esta aplicación a aforradores que xa non teñen, no momento da entrada en vigor da presente lei, a consideración de tedores de híbridos faise por aplicación do principio de equidade e de xustiza, non discriminando temporalmente estes aforradores. De igual modo, evita o recurso á vía xudicial e a saturación do sistema de xustiza, e mellora a eficiencia na aplicación de recursos.

Esta lei consta dun artigo único, a través do cal se introduce na Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, unha nova disposición adicional décimo terceira bis, que se aplica aos posuidores de instrumentos híbridos de capital ou de débeda subordinada que sexan aforradores. A este artigo ségueno dúas disposi-

cións transitorias: a primeira, que suspende as accións de xestión deses instrumentos financeiros cuxos titulares sexan aforradores; e a segunda, relativa aos aforradores posuidores de participacións preferentes ou de débeda subordinada cun préstamo hipotecario para o financiamento de primeira vivenda.

Artigo único. *Modificación da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito*

Engádesse unha nova disposición adicional décimo terceira *bis* á Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo terceira *bis*. *Posuidores de instrumentos híbridos de capital ou de débeda subordinada que sexan aforradores.*

Cando os posuidores de instrumentos híbridos de capital ou de débeda subordinada sexan aforradores, as accións de xestión a que se refire o capítulo VII desta lei non lles serán aplicables e terán dereito á recuperación das contías investidas sen perda ningunha.

Para os efectos desta lei, consideraranse aforradores aquelas persoas que teñan a condición de clientes retallistas. Terán esta consideración, nos termos previstos no artigo 78 *bis.4* da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, todos aqueles que non sexan profesionais, e consideraranse clientes profesionais, nos termos previstos no artigo 78 *bis.2* da citada lei, todos aqueles aos que se lles presuma a experiencia, os coñecementos e a cualificación necesarios para tomar as súas propias decisións de investimento e valorar correctamente os seus riscos.

En todo caso, terán a consideración de aforradores aquelas persoas nas que concorra, entre outras, algunha das circunstancias seguintes:

a) As que non tivesen previamente contratado ningún produto de investimento significativo en relación coa súa posición de liquidez.

b) As que acrediten que, no momento da contratación, desexaban manter a dispoñibilidade dos seus aforros.

c) As que, pola súa idade, situación persoal ou falta de formación, cumpran cos requisitos para seren considerados aforradores.

d) As que teñan un perfil ou características semellantes aos casos aceptados á arbitrase, aos trasacordos xudiciais ou ás sentenzas xudiciais favorables.

2. A excepción regulada nesta disposición tamén lles será aplicable aos aforradores sen experiencia financeira que acrediten non ter recibido información adecuada do instrumento financeiro adquirido.

3. Para os efectos da identificación dos posuidores dos instrumentos híbridos de capital ou de débeda subordinada que teñan a consideración de aforradores, as entidades de crédito deberán contratar un terceiro independente, de acreditado prestixio e formación, que proceda a analizar todos e cada un dos contratos vixentes.»

Disposición transitoria primeira. *Suspensión das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada*

Para os efectos de poder aplicar axeitadamente esta lei, suspenderanse, desde a entrada en vigor da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, todas as accións de xestión de instrumentos híbridos de capital ou de débeda subordinada que estean en marcha, ata o remate do proceso de determinación dos posuidores que teñan a consideración de aforrador. Esta determinación poderá facerse mediante un procedemento de arbitrase.

Así mesmo, tamén lles será de aplicación o previsto nesta lei aos posuidores de instrumentos híbridos de capital ou de débeda subordinada que fosen obxecto de accións de xestión por parte do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria desde a entrada en vigor do Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, tanto se acudiron ao procedemento de troco como se mantiveron a conversión obrigatoria deses instrumentos financeiros en accións, sempre que se determine a súa condición de aforrador mediante un procedemento de arbitrase ou similar, polo que terán igualmente dereito a percibir as contías investidas ata que non teñan perda ningunha.

O previsto nos dous parágrafos anteriores no referente á recuperación das contías investidas polos clientes que teñan a consideración de aforrador levarase a cabo malia os acordos adoptados antes da entrada en vigor desta lei pola Comisión Reitora do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Disposición transitoria segunda. *Aforradores titulares de participacions preferentes ou de débeda subordinada cun préstamo hipotecario*

Aos aforradores posuidores de participacions preferentes ou de débeda subordinada que, na mesma entidade de crédito, sexan titulares dun préstamo hipotecario para o financiamento da primeira vivenda e se demostre que son incapaces de asumir o pagamento da cota hipotecaria, non se lles poderá executar a hipoteca ou outras garantías ata que non se lles devolva integramente o nominal investido ou recuperen a capacidade de pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Proposición de ley de reforma de la Ley 9/2012, de 14 de noviembre, de reestructuración y resolución de entidades de crédito, para garantizar la devolución íntegra del valor nominal de las participaciones preferentes y otros instrumentos híbridos de capital y deuda subordinada a los ahorradores y pequeños inversores sin experiencia financiera

Exposición de motivos

La consideración como recursos propios de los instrumentos híbridos de capital, junto con la fuerte expansión crediticia llevada a cabo por las entidades financieras en la pasada década, provocó importantes emisiones de este tipo de instrumentos.

En este contexto, se vinieron dando casos de mala praxis comercializadora, y fueron colocados estos productos a clientes sin la debida formación financiera o que demandaban realmente otro tipo de producto. Estos defectos de comercialización fueron reconocidos por las propias entidades financieras e incluso por la Comisión Nacional del Mercado de Valores, que está investigando estos hechos, manteniendo abiertos varios expedientes para investigar este tipo de comercialización.

La posterior generación de importantes pérdidas en algunas de las entidades financieras comercializadoras, junto con el proceso de recapitalización pública efectuado para su continuidad operativa con las nuevas exigencias de capital, conllevó la aplicación del principio del *burden sharing* o reparto de cargas, mediante el cual los tenedores de instrumentos híbridos deberían ayudar subsidiariamente a compartir estas fuertes pérdidas en función de la naturaleza y características del activo financiero adquirido.

Este principio de reparto de cargas presenta, no obstante, importantes problemas en el caso de existir una indebida comercialización de estos productos, por coexistir como tenedores de estos activos pequeños ahorradores sin formación ni conocimientos financieros a los cuales, en el caso de la aplicación directa de esta asunción de pérdidas, se les generarían importantes e injustos perjuicios.

En el anterior contexto, en Galicia se puso en práctica un procedimiento que, respetando la normativa vigente, ha permitido que recuperasen sus fondos ahorradores víctimas de mala comercialización.

Con la experiencia y el conocimiento tanto de la existencia en muchos casos de mala comercialización, como de lo injusta que sería esta asunción de pérdidas por pequeños ahorradores, se modifica la Ley 9/2012, de 14 de noviembre, de reestructuración y resolución de entidades de crédito, en el sentido de evitar que los ahorradores que adquirieron estos productos a causa de una mala comercialización sufran pérdidas como consecuencia de las acciones de gestión de instrumentos híbridos.

Para el caso de tenedores que ya han acudido al cambio soportando pérdidas, se establece la posibilidad de recuperación de la totalidad de la cantidad invertida si efectivamente

el procedimiento establecido determina esa condición de ahorrador. Esta aplicación a ahorradores que ya no tienen, en el momento de la entrada en vigor de la presente ley, la consideración de tenedores de híbridos se hace por aplicación del principio de equidad y de justicia, no discriminando temporalmente a estos ahorradores. De igual modo, evita el recurso a la vía judicial y la saturación del sistema de justicia, y mejora la eficiencia en la aplicación de recursos.

Esta ley consta de un artículo único, a través del cual se introduce en la Ley 9/2012, de 14 de noviembre, de reestructuración y resolución de entidades de crédito, una nueva disposición adicional decimotercera *bis*, que se aplica a los poseedores de instrumentos híbridos de capital o de deuda subordinada que sean ahorradores. A este artículo le siguen dos disposiciones transitorias: la primera, que suspende las acciones de gestión de tales instrumentos financieros cuyos titulares sean ahorradores; y la segunda, relativa a los ahorradores poseedores de participaciones preferentes o de deuda subordinada con un préstamo hipotecario para la financiación de primera vivienda.

Artículo único. *Modificación de la Ley 9/2012, de 14 de noviembre, de reestructuración y resolución de entidades de crédito*

Se añade una nueva disposición adicional decimotercera *bis* a la Ley 9/2012, de 14 de noviembre, de reestructuración y resolución de entidades de crédito, que queda redactada en los siguientes términos:

«Disposición adicional decimotercera *bis*. *Poseedores de instrumentos híbridos de capital o de deuda subordinada que sean ahorradores.*

1. Cuando los poseedores de instrumentos híbridos de capital o de deuda subordinada sean ahorradores, las acciones de gestión a que se refiere el capítulo VII de esta ley no les serán aplicables y tendrán derecho a la recuperación de las cuantías invertidas sin pérdida alguna.

A los efectos de esta ley, se considerarán ahorradores aquellas personas que tengan la condición de clientes minoristas. Tendrán esta consideración, en los términos previstos en el artículo 78 *bis*.4 de la Ley 24/1988, de 28 de julio, del mercado de valores, todos aquellos que no sean profesionales, y

se considerarán clientes profesionales, en los términos previstos en el artículo 78 *bis*.2 de la citada ley, todos aquellos a los que se les presuma la experiencia, los conocimientos y la cualificación necesarios para tomar sus propias decisiones de inversión y valorar correctamente sus riesgos.

En todo caso, tendrán la consideración de ahorradores aquellas personas en las que concurra, entre otras, alguna de las circunstancias siguientes:

a) Las que no hubiesen previamente contratado ningún producto de inversión significativo en relación con su posición de liquidez.

b) Las que acrediten que, en el momento de la contratación, deseaban mantener la disponibilidad de sus ahorros.

c) Las que, por su edad, situación personal o falta de formación, cumplan con los requisitos para ser considerados ahorradores.

d) Las que tengan un perfil o características semejantes a los casos aceptados al arbitraje, a las transacciones judiciales o a las sentencias judiciales favorables.

2. La excepción regulada en esta disposición también será aplicable a los ahorradores sin experiencia financiera que acrediten no haber recibido información adecuada del instrumento financiero adquirido.

3. A los efectos de la identificación de los poseedores de los instrumentos híbridos de capital o de deuda subordinada que tengan la consideración de ahorradores, las entidades de crédito deberán contratar un tercero independiente, de acreditado prestigio y formación, que proceda a analizar todos y cada uno de los contratos vigentes.»

Disposición transitoria primera. *Suspensión de las acciones de gestión de instrumentos híbridos de capital y deuda subordinada*

A los efectos de poder aplicar adecuadamente esta ley, se suspenderán, desde la entrada en vigor de la Ley 9/2012, de 14 de noviembre, de reestructuración y resolución de entidades de crédito, todas las acciones de gestión de instrumentos híbridos de capital o de deuda subordinada que estén

en marcha, hasta la finalización del proceso de determinación de los poseedores que tengan la consideración de ahorrador. Esta determinación podrá hacerse mediante un procedimiento de arbitraje.

Asimismo, también será de aplicación lo previsto en esta ley a los poseedores de instrumentos híbridos de capital o de deuda subordinada que hayan sido objeto de acciones de gestión por parte del Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria desde la entrada en vigor del Real decreto ley 24/2012, de 31 de agosto, tanto si acudieron al procedimiento de canje como si mantuvieron la conversión obligatoria de esos instrumentos financieros en acciones, siempre que se determine su condición de ahorrador mediante un procedimiento de arbitraje o similar, por lo que tendrán igualmente derecho a percibir las cuantías invertidas hasta que no tengan pérdida ninguna.

Lo previsto en los dos párrafos anteriores en lo referente a la recuperación de las cuantías invertidas por los clientes que tengan la consideración de ahorrador se llevará a cabo a pesar de los acuerdos adoptados antes de la entrada en vigor de esta ley por la Comisión Rectora del Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.

Disposición transitoria segunda. *Ahorradores titulares de participaciones preferentes o de deuda subordinada con un préstamo hipotecario*

A los ahorradores poseedores de participaciones preferentes o de deuda subordinada que, en la misma entidad de crédito, sean titulares de un préstamo hipotecario para la financiación de la primera vivienda y se demuestre que son incapaces de asumir el pago de la cuota hipotecaria, no se les podrá ejecutar la hipoteca u otras garantías hasta que non se les devuelva íntegramente el nominal invertido o recuperen la capacidad de pago.

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta ley entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.6. Convenios de cooperación con comunidades autónomas

Admisión a trámite

- 20722 Escrito do director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que traslada documentación relativa ao Convenio marco de colaboración e apoio mutuo entre as Comunidades Autónomas do Principado de Asturias e Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

A Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na sesión do 18 de marzo de 2014, adopta o seguinte acordo:

1º. Admitilo a trámite e dispoñer a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Abrir un prazo dun mes, contado desde a publicación do convenio no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para os efectos de que poidan formularse por escrito reparos.

De non presentarse reparos no indicado prazo, entenderase ratificado. De existiren reparos, o convenio substanciarase na correspondente sesión plenaria para os efectos da súa ratificación, se é o caso, polo Pleno.

3º. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.3. Exame de programas e plans

1.3.3.1. Programas e plans

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 18 de marzo de 2014, adoptou os seguintes acordos:

- 16717 (09/PEP-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias